

1. I-aquí cheghamos, señores
cansadiños de luchar
vimos saludar a todos
i ao que queira escoitar.

Somos de Santa María
todos saben donde i-é
en e... de nombres y apellidos
tamén lles daremos fe.

2. Cómprennos o que traemos
e póñannos atención
xa verán cantas cousiñas
pasaron nesta nación.

Todo canto nós decimos
mentira non é ningunha
a que lle deixamos na corte
ao gobernador da Cruña.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

3. h-Ai, está facendo dous anos
que se foi a Monarquía
inda nos quedan caciques
que, lles parece mentira?

h-Ai, nas seghundas aleucíós-e
houbo mitins e banquetes
e mentres os labradores
desfacíans' a cachetes.

4. Conquistáronos moi ben
e fixéronlles bon trato
que lles deron de xantar-e
unha libreta pa catro.

Déronlles unha sardiña
e o que non foi sen ningunha
e ao remate de cuentas
cada un paghou a súa.

5. Dixeron os labradores
todos cheos de razón:
"Se todos comen así
arruínase a nación".